

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### COMISIÓN NACIONAL DOS MERCADOS E DA COMPETENCIA

**682** *Circular 2/2020, do 9 de xaneiro, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se establecen as normas de balance de gas natural.*

Con data do 26 de marzo de 2014 aprobouse o Regulamento (UE) n.º 312/2014 da Comisión, polo que se establece un código de rede sobre o balance de gas nas redes de transporte. Este regulamento determina as normas de balance de gas nas redes de transporte por gasoduto, incluídas as relacionadas cos procedementos de nominación, tarifas de balance, procesos de liquidación ligados ás tarifas de desbalance diarias e o balance operativo entre as redes dos xestores de redes de transporte. O Regulamento pretende a creación dun mercado interno da enerxía plenamente interconectado. Para tal fin, asigna aos reguladores nacionais as principais competencias en materia de balance coa finalidade de harmonizar os procesos de aplicación do Regulamento e de asegurar que se aplican as normas de balance en toda a Unión Europea do modo máis eficaz. Diso resulta a función dos ditos reguladores nacións de implementar este regulamento en cada ordenamento interno.

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia aprobou, con data do 22 de xullo de 2015, a Circular 2/2015 pola que se establecen as normas de balance na rede de transporte do sistema gasista. Esta circular foi modificada máis tarde pola Circular 3/2018, do 14 de novembro, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

Con data do 11 de xaneiro de 2019, aprobouse o Real decreto lei 1/2019, de medidas urxentes para adecuar as competencias da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia ás exigencias derivadas do dereito comunitario en relación coas directivas 2009/72/CE e 2009/73/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, sobre normas comúns para o mercado interior da electricidade e do gas natural. O Real decreto lei modifica o artigo 7.1 da Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, e asigna á Comisión a función de establecer, mediante circular, logo de trámite de audiencia e con criterios de eficiencia económica, transparencia, obxectividade e non discriminación, a metodoloxía relativa á prestación de servizos de balance, de forma que se proporcionen incentivos adecuados para que os usuarios equilibren as súas entradas e saídas do sistema gasista. As circulares da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia deberán ser publicadas no «Boletín Oficial del Estado».

Adicionalmente, o Real decreto lei 1/2019 modifica o artigo 65 da Lei 34/1998, do sector de hidrocarburos, atribuíndo á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia as competencias para aprobar a normativa de xestión técnica do sistema relacionada co procedemento de cálculo do balance diario de cada suxeito autorizado a introducir gas natural no sistema, así como o sistema de nominacións e renominacións.

A circular adecúase aos principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, dado que responde aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia. Esta proposta de circular é o instrumento máis adecuado para garantir a consecución dos obxectivos que persegue.

A necesidade de revisar a regulación actual que define do réxime de balance nas plantas de regasificación deriva de que o modelo actual só define penalizacións económicas por desbalances dos usuarios e non prevé medidas que regularicen o desbalance físico de gas natural licuado que se crea nestas instalacións. Por outro lado, nos almacenamentos subterráneos, hoxe en día, calcúlase un balance ao usuario, pero non existen penalizacións económicas por desbalances nin se regulariza fisicamente o gas do usuario desbalanceado. Ambas as tipoloxías de infraestruturas exigen, á vez que un

modelo de balance completo, que este sexa predicible, transparente, coherente, compatible e non discriminatorio co modelo de balance establecido na rede de transporte.

A homoxeneización e integración do modelo de balance de todas as infraestruturas do sistema gasista español englobase dentro do proceso de liberalización e creación dun mercado interior de gas único, competitivo e no cal se garanta a seguridade de subministración dentro da Unión Europea, definido pola Directiva 2009/73/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, sobre normas comúns para o mercado interior do gas natural. En consecuencia, resulta ineludible definir unhas normas de balance homoxéneas e coherentes para todas as instalacións do sistema gasista, unha vez que quedou implantado o modelo de balance da rede de transporte definido polo código de rede europeo, en aplicación desde a entrada en vigor da Circular 2/2015, do 22 de xullo de 2015, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, en outubro de 2016.

Por todo o anterior, e conforme as funcións asignadas polo artigo 7.1.e) da Lei 3/2013, do 4 de xuño, polo artigo 65 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, e polo Regulamento (UE) n.º 312/2014, logo de trámite de audiencia, e de acordo coas orientacións de política enerxética previstas na Orde TEC/406/2019, do 5 de abril, o Pleno do Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, na súa sesión do día 9 de xaneiro de 2020, acordou, de acordo co Consello de Estado, emitir a presente circular:

## CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto.*

Constitúe o obxecto da presente circular regular os mecanismos de cálculo do balance de gas nas infraestruturas do sistema gasista, incluídos os procedementos de cálculo de desbalances e as súas recargas, o balance operativo das instalacións, así como as regras para nominar o uso das infraestruturas do sistema gasista e os procedementos de información aos usuarios en relación co balance.

Estes mecanismos aplicaranse de acordo con criterios de eficiencia económica e serán transparentes, obxectivos e non discriminatorios.

#### Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Esta circular será de aplicación ás instalacións suxeitas ao acceso de terceiros conforme o disposto no artigo 60 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos e, en consecuencia, a todos os axentes que desenvolven a súa actividade en tales instalacións ou cuxa actividade as afecte, incluídos, entre outros, o xestor técnico do sistema, o xestor de garantías, as plataformas de comercio e outras plataformas de negociación e entidades de contrapartida central que realicen notificacións de transaccións de gas natural licuado ou gas, os operadores das instalacións, os usuarios que accedan a elas ou teñan nelas unha carteira de balance, os provedores de servizos e os consumidores directos en mercado que contraten o acceso ás citadas instalacións.

Os dereitos e obrigacións derivados da presente circular relativos aos usuarios das instalacións aplicaranse unicamente a aqueles que estean ou estivesen habilitados para enviar notificacións conforme o disposto nesta circular.

#### Artigo 3. *Definicións.*

1. Para efectos da presente circular, serán de aplicación as seguintes definicións:

a) Usuario: suxeito con carteira de balance habilitado polo xestor técnico do sistema para o envío de notificacións de transferencias de titularidade de gas natural licuado ou de gas. Os comercializadores e os consumidores directos en mercado que operen nunha mesma área de balance poderán agrupar as súas carteiras de balance na dita área para

os efectos do cálculo das recargas por desbalances. Un comercializador ou un consumidor directo en mercado pode constituir máis dun usuario. En calquera caso, a cada usuario corresponderalle unha única carteira de balance para cada área de balance.

b) Proveedor de servizos: entidade xurídica que poderá actuar en nome dun usuario para efectos de realizar notificacións, logo de autorización do xestor técnico do sistema.

c) Día de gas: período que abrangue desde as 5.00 h UTC dun día até as 5.00 h UTC do día seguinte no inverno, e desde as 4.00 h UTC dun día até as 4.00 h UTC do día seguinte no verán. Isto é, o día de gas é o comprendido de 6.00 h a 6.00 h local segundo o horario peninsular español e centroeuropeo. As horas do día que en diante se citan nesta circular fan referencia ao horario local peninsular español.

d) Tanque virtual de balance-TVB: tanque virtual de almacenamento de gas natural licuado do conxunto de plantas de regasificación, onde os usuarios poden almacenar gas natural licuado e transferir a titularidade deste.

e) Punto virtual de balance-PVB: punto virtual de intercambio da rede de transporte onde os usuarios poden transferir a titularidade do gas.

f) Almacenamento virtual de balance-AVB: almacenamento virtual de gas do conxunto de almacenamentos subterráneos básicos, onde os usuarios poden almacenar gas e transferir a titularidade deste.

g) Área de balance en TVB: sistema de entrada-saída que inclúe o conxunto de plantas de regasificación de gas natural licuado a que lle é aplicable o réxime específico de balance definido nesta circular.

h) Área de balance en PVB: sistema de entrada-saída que inclúe a rede de gasodutos de transporte e distribución a que é aplicable o réxime específico de balance definido nesta circular.

i) Área de balance en AVB: sistema de entrada-saída que inclúe o conxunto de almacenamentos subterráneos básicos a que lle é aplicable o réxime específico de balance definido nesta circular.

j) Carteira de balance en TVB: conxunto de entradas, saídas e gas natural licuado almacenado dun usuario no conxunto das plantas de regasificación de gas natural licuado.

k) Carteira de balance en PVB: conxunto de entradas e saídas dun usuario na rede de transporte e distribución.

l) Carteira de balance en AVB: conxunto de entradas, saídas e gas almacenado dun usuario no conxunto dos almacenamentos subterráneos básicos.

m) Repartición: cantidade de gas natural licuado ou de gas expresada en kWh/d e atribuída a un usuario como entrada ou saída da área de balance, co propósito de determinar o seu balance.

n) Período de balance: período temporal respecto ao cal se calcula o balance dos usuarios do sistema gasista. Este período será o día de gas.

o) Cantidade confirmada: cantidade de gas natural licuado ou de gas que se programa ou reprograma para o día de gas no proceso de nominación/renominação e que é confirmada polo xestor técnico do sistema.

p) Medición diaria: cantidade de gas natural licuado ou de gas que se mide e se rexistra unha vez por día de gas.

q) Medición intradiaria: cantidade de gas natural licuado ou de gas que se mide e se rexistra un mínimo de dúas veces por día de gas.

r) Sen medición diaria: cantidade de gas natural licuado ou de gas que se mide e se rexistra con frecuencia inferior a unha vez por día de gas.

s) Recarga por desbalance diario provisional en TVB e PVB: cantidade de diñeiro que un usuario paga ou recibe polos kWh/día do seu desbalance diario nas áreas de balance en TVB e PVB, respectivamente. Con carácter provisional, será inicialmente calculado no día d+1 para o día d.

t) Recarga por desbalance diario final provisional en TVB e PVB: recarga por desbalance diario para o día d nas áreas de balance en TVB e PVB, respectivamente, calculado tres meses despois do mes a que corresponde o día d.

u) Recarga por desbalance diario final definitivo en TVB e PVB: recarga por desbalance diario para o día d nas áreas de balance en TVB e PVB, respectivamente, calculado quince meses despois do mes a que corresponde o día d.

v) Recarga por desbalance diario final definitivo en AVB: recarga por desbalance diario para o día d na área de balance en AVB, calculada no día d+1 para o día d.

w) Produto normalizado a curto prazo: pode ser de dous tipos:

w.1) Produto normalizado con transferencia de título de propiedade de gas no PVB: o xestor técnico do sistema adquire gas dos usuarios ou vende gas aos usuarios no PVB.

w.2) Produto normalizado con transferencia de título de propiedade de gas local: o xestor técnico do sistema adquire gas dos usuarios ou vende gas aos usuarios nun punto ou conxunto de puntos determinados de entrada ou saída da rede de transporte.

x) Acción de balance en PVB: acción realizada polo xestor técnico do sistema para manter a rede de transporte e distribución dentro dos seus límites operativos e de existencias, excluindo as accións relacionadas coas minguas de gas e o gas utilizado polo xestor técnico do sistema para o funcionamento da rede de transporte. As accións de balance en PVB serán de dous tipos: a transferencia de título de propiedade de produtos normalizados a curto prazo e o emprego de servizos de balance.

y) Servizo de balance en PVB: servizo prestado ao xestor técnico do sistema para compensar as flutuacións a curto prazo na oferta ou demanda de gas na rede de transporte e que non é un produto normalizado a curto prazo.

z) Tarifa de desbalance diario en PVB:

z.1) Se a cantidade de desbalance dun usuario en PVB é negativa, a tarifa de desbalance diario en PVB é o prezo marxinal de compra, isto é, o prezo máis alto entre:

– O prezo máis alto das compras de produtos de transferencia de título de propiedade de gas en PVB por parte do xestor técnico do sistema durante o día de gas destinadas a manter a rede de transporte dentro dos seus límites operativos e de existencias.

– O prezo medio ponderado de gas no día de gas máis un axuste menor.

z.2) Se a cantidade de desbalance dun usuario en PVB é positiva, a tarifa de desbalance diario é o prezo marxinal de venda, isto é, o prezo máis baixo entre:

– O prezo máis baixo das transaccións das vendas de produtos de transferencia de título de propiedade de gas en PVB por parte do xestor técnico do sistema durante o día de gas destinadas a manter a rede de transporte dentro dos seus límites operativos e de existencias.

– O prezo medio ponderado de gas no día de gas menos un axuste menor.

aa) Prezo medio ponderado de gas: prezo diario medio ponderado das transferencias de título de propiedade de gas entre usuarios que teñen lugar na plataforma de comercio de gas da rede de transporte en que o xestor técnico do sistema realiza transaccións de gas, que corresponden ao día de gas e que se realizaron o día anterior ao día de gas e durante o día de gas.

ab) Plataforma de comercio: plataforma electrónica proporcionada e xestionada por un operador da plataforma, por medio da cal os suxeitos habilitados a participar nela poden propor e aceptar, incluído o dereito de revisión e retirada, ofertas e demandas de gas natural licuado ou de gas necesarias para compensar as flutuacións a curto prazo da subministración ou a necesidade de gas natural licuado ou gas, de conformidade coas condicións aplicables na plataforma de comercio.

ac) Entidade de contrapartida central: entidade autorizada de acordo coa normativa europea vixente que intermedia entre as contrapartes dos contratos de gas natural licuado ou gas negociados nun ou varios mercados, actuando como compradora fronte a todo vendedor e como vendedora fronte a todo comprador.

ad) Plataforma de negociación: plataforma multilateral ou calquera outro sistema ou dispositivo en que interactúan os diversos intereses de compra e de venda de gas natural

licuado ou de gas de múltiples terceiros para dar lugar a contratos. Estes inclúen plataformas de comercio e outros axentes de intermediación.

#### Artigo 4. *Principios xerais.*

1. En cada unha das áreas de balance definidas nesta circular calcularase un balance para cada carteira de balance de cada usuario e para cada día de gas.

2. Os usuarios serán responsables de equilibrar o seu balance nas áreas de balance. Para iso, durante o día de gas poderán incrementar ou reducir as súas entradas e/ou saídas de gas nas áreas de balance:

- a) mediante a modificación das súas nominacións e/ou renominacións,
- b) mediante transferencia de titularidade do gas entre usuarios e
- c) mediante a contratación de capacidade de almacenamento de gas natural licuado ou de almacenamento de gas.

3. O xestor técnico do sistema será o responsable de manter as instalacións do sistema gasista dentro dos límites normais de operación, tanto nas plantas de regasificación como na rede de transporte e nos almacenamentos subterráneos.

Ademais, o xestor técnico do sistema será responsable de calcular o balance de cada usuario nas áreas de balance.

Por último, o xestor técnico do sistema tamén será o encargado de facturar as recargas que poidan derivar do desbalance dos usuarios nas distintas áreas de balance e do emprego das accións de balance na rede de transporte.

#### Artigo 5. *Habilitación dos usuarios.*

1. Os suxeitos que desexen operar nalgunha das áreas de balance en TVB, PVB e AVB e, por tanto, dispor dunha carteira de balance nalgunha destas áreas deberán estar habilitados como usuarios das áreas de balance, con independencia de que xa dispoñan dun contrato de acceso. Ademais, os suxeitos que desexen operar en TVB e/ou AVB deberán ter suscrito con anterioridade o contrato marco de acceso en vigor ás instalacións do sistema gasista.

2. O xestor técnico do sistema elaborará a proposta dun único procedemento de habilitación, suspensión e baixa dos usuarios con carteira de balance en TVB, PVB e AVB.

3. O procedemento incluirá a sinatura electrónica dun único contrato marco de habilitación de carteira de balance entre o xestor técnico do sistema e os usuarios, que permitirá aos usuarios a comunicación de notificacións de transaccións de gas natural licuado ou de gas que afecten as súas correspondentes carteiras de balance. O contrato marco incluirá, entre outras, cláusulas sobre os requisitos de facturación e liquidación de desbalances, as garantías de pagamento, as condicións de suspensión da carteira de balance, como actuar en caso de forza maior e caso fortuíto e as circunstancias para a extinción e cesión do contrato. O contrato marco cumprirá co establecido nas metodoloxías referidas nesta circular respecto ás recargas económicas por desbalance e imputación de custos das accións e servizos de balance.

4. O xestor técnico do sistema remitirá a súa proposta de procedemento de habilitación e o contrato marco á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, que os aprobará mediante resolución, logo de trámite de audiencia e tras efectuar as modificacións que, de ser o caso, considere necesarias. Unha vez aprobados os citados procedemento e contrato marco de habilitación de carteira de balance, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia remitirallos ao xestor técnico do sistema, quen deberá publicalos na súa páxina web. Sen prexuízo do anterior, estes procedemento e contrato marco de habilitación de carteira de balance serán publicados no «Boletín Oficial del Estado», e serán de aplicación o día seguinte ao da súa publicación oficial.



Artigo 6. *Notificación de transferencias de titularidade de gas natural licuado ou de gas.*

1. A transferencia de titularidade de gas natural licuado ou de gas entre dúas carteiras de balance nas áreas de balance farase mediante notificacións de adquisición e cesión enviadas ao xestor técnico do sistema en relación co día de gas de que se trate. As notificacións serán remitidas por procedementos telemáticos. O gas natural licuado ou o gas considerarase transferido dunha carteira de balance a outra con cada notificación válida recibida polo xestor técnico do sistema. Para realizar transferencias de titularidade de gas natural licuado ou de gas non será un requisito previo ter contratada capacidade de acceso nas instalacións.

2. As notificacións comunicarán adquisicións e cesións de gas natural licuado ou de gas e terán o seguinte contido mínimo:

- a) Carteiras de balance afectadas.
- b) Día de gas en que se transfire a titularidade do gas ou do gas natural licuado.
- c) Onde se realiza a transferencia de titularidade (TVB, PVB, AVB ou punto de entrada/saída á rede de transporte).
- d) Se se trata dunha notificación de adquisición ou de cesión.
- e) Cantidade adquirida ou cedida, en kWh/día.

3. Cando a transacción teña lugar nunha plataforma de comercio ou noutras plataformas de negociación que realicen funcións de notificación ou a transacción sexa compensada nunha entidade de contrapartida central que realice funcións de notificación, o operador das ditas plataformas ou a entidade de contrapartida central serán os responsables de notificar a transferencia de titularidade de gas ao xestor técnico do sistema en nome do usuario. Para isto, deberán subscribir un convenio de colaboración co xestor técnico do sistema. Para o resto de transaccións, os responsables da súa notificación ao xestor técnico do sistema serán os usuarios afectados. O xestor técnico do sistema establecerá e publicará na súa páxina web o procedemento que seguirá cando non coincidan as cantidades de gas natural licuado ou de gas sinaladas nas notificacións remitidas polos usuarios respecto a unha mesma transacción.

Os usuarios poderán efectuar as notificacións por si mesmos ou a través dun provedor de servizos. O xestor técnico do sistema establecerá e fará públicos os requisitos que deberá cumprir o provedor de servizos para poder levar a cabo esta función. O provedor de servizos deberá acreditar a súa condición ante o xestor técnico do sistema. O usuario asumirá a plena responsabilidade das notificacións enviadas polo seu provedor de servizos.

En calquera caso, o xestor técnico do sistema coñecerá a titularidade do gas natural licuado ou do gas de cada usuario para efectos do cálculo do balance de gas nas áreas de balance.

4. O xestor técnico do sistema establecerá e publicará na súa páxina web o calendario de envío, retirada e modificación de notificacións, tendo en conta o tempo que necesite para o seu rexistro e contabilización. En calquera caso, permitirase remitir notificacións que afectan un día de gas cunha antelación máxima dun día antes do día de gas, así como durante o día de gas até 3 horas antes da súa finalización. O período transcorrido desde que o xestor técnico do sistema reciba unha notificación até que é rexistrada e contabilizada por este non poderá superar os 30 minutos, excepto para as notificacións que se produzan antes do día de gas, en que se poderá ampliar a 2 horas o prazo de tramitación.

5. Se o xestor técnico do sistema recibe un conxunto de notificacións de cesión e adquisición e a suma das cantidades de notificación respecto á mesma transferencia de titularidade son iguais, o xestor técnico do sistema asignará a suma da cantidade de notificación ás carteiras de balance correspondentes:

- a) Como saída da carteira de balance do usuario cando efectúe unha notificación de cesión.

b) Como entrada na carteira de balance do usuario cando efectúe unha notificación de adquisición.

6. Cando a suma das cantidades de notificación mencionadas no punto anterior non coincida, o xestor técnico do sistema asignará a cantidade de notificación máis baixa especificada na notificación correspondente ou rexeitará o conxunto das notificacións. O xestor técnico do sistema determinará a regra aplicable no correspondente contrato marco de habilitación de carteira de balance, ou noutro acordo xuridicamente vinculante, e publicará o procedemento que seguirá nestes casos. A regra será a mesma para as áreas de balance en TVB, PVB e AVB.

7. No caso de que un usuario presente para un día de gas un desbalance negativo no conxunto do sistema gasista, calculado como a suma dos desbalances provisionais negativos en TVB e PVB e o desbalance final definitivo negativo en AVB, superior ás súas garantías no valor que se defina mediante resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, o xestor técnico do sistema requirirá garantías ao usuario. O requirimento será de cumprimento inmediato. Se o usuario non repón as garantías solicitadas, o xestor técnico do sistema reducirá a cantidade comunicada en todas as notificacións de cesión de gas do usuario non realizadas a través dunha plataforma de comercio ou dunha entidade de contrapartida central. Reducirase só a parte non cuberta polas garantías, de maneira proporcional á cantidade sinalada en cada notificación. O xestor técnico do sistema comunicará a redución aos usuarios afectados.

8. Para o cálculo do balance correspondente a un usuario no día de gas, o xestor técnico do sistema terá en conta as transferencias de gas natural licuado e de gas que afecten ese usuario. A adquisición de gas natural licuado e de gas considerarase unha entrada para os efectos do balance do usuario na área de balance correspondente, e a cesión de gas natural licuado e de gas será unha saída para os efectos do balance do usuario na área de balance correspondente.

9. Un usuario poderá efectuar unha notificación de transferencia de titularidade de gas natural licuado ou de gas nun día de gas, independentemente de se efectuou algunha nominación para o dito día.

10. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá, mediante resolución, establecer os requisitos da notificación de transferencias de titularidade de gas e gas natural licuado ao xestor técnico do sistema.

## CAPÍTULO II

### **Normas de balance nas plantas de regasificación de gas natural licuado e almacenamentos subterráneos básicos**

*Artigo 7. Balance operativo nas plantas de regasificación de gas natural licuado e almacenamentos subterráneos básicos.*

1. En cada unha das plantas de regasificación do sistema gasista e en cada un dos almacenamentos subterráneos básicos calcularase, para cada día de gas, un balance físico diario do gas nas súas instalacións, de conformidade coa normativa vixente.

2. Corresponde ao xestor técnico do sistema elaborar, en colaboración cos xestores das instalacións, unha proposta de metodoloxía de cálculo dos parámetros, valores técnicos e límites máximos e mínimos de operación que determinan o funcionamento normal de cada unha das plantas de regasificación e dos almacenamentos subterráneos, para unha operación eficiente e económica das instalacións. A proposta será aprobada pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, logo de trámite de audiencia.

3. O xestor técnico do sistema dará periodicamente información operativa sobre o estado das plantas de regasificación e dos almacenamentos subterráneos, incluíndo os valores técnicos que determinan as condicións de operación destas instalacións. Para isto, no caso das plantas de regasificación colaborará cos xestores destas.

Artigo 8. *Tratamento económico do desbalance dos usuarios en TVB e AVB.*

1. Os usuarios comezarán cada día de gas cunha cantidade de desbalance nula na área de balance en TVB e na área de balance en AVB.

2. A cantidade de desbalance dun usuario no día de gas na área de balance en TVB ou en AVB poderá ser:

a) positiva, cando o usuario, ao terminar o día de gas, dispoña dunha cantidade de gas natural licuado en TVB ou de gas en AVB superior á suma da súa capacidade de almacenamento contratada e da súa capacidade de almacenamento subarrendada (exceso de gas natural licuado ou exceso de gas, respectivamente), ou

b) negativa, cando o usuario, ao terminar o día de gas, dispoña dunha cantidade de gas natural licuado en TVB ou de gas en AVB almacenada negativa (defecto de gas natural licuado ou defecto de gas, respectivamente), isto é, cando durante o día de gas as súas saídas fosen superiores ás súas entradas máis o que tivese almacenado en TVB ou en AVB, segundo corresponda.

3. No día despois do día de gas, o xestor técnico do sistema calculará, respecto ao día de gas, e para cada usuario con carteira de balance en TVB e/ou AVB:

a) A cantidade de desbalance provisional na área de balance en TVB, tendo en conta as entradas e saídas de gas natural licuado da carteira de balance do usuario e o gas natural licuado almacenado en TVB por el.

b) A cantidade de desbalance final definitivo na área de balance en AVB, tendo en conta as entradas e saídas de gas da carteira de balance do usuario e o gas almacenado en AVB por el.

O cálculo da cantidade de desbalance en TVB e en AVB realizarase conforme o disposto na normativa de xestión técnica do sistema que resulte de aplicación. Igualmente, a cantidade de desbalance do usuario en TVB e en AVB proporcionaráselle segundo o calendario e co detalle de información que exixa a dita normativa.

4. Cando, para o día de gas, a cantidade de desbalance provisional dun usuario en TVB, ou de desbalance final definitivo en AVB, sexa positiva, sempre que exista capacidade de almacenamento dispoñible suficiente e non se poñan en risco dereitos de terceiros ou a operación normal das instalacións, a cantidade de desbalance positiva quedará almacenada en TVB ou AVB no día de gas, e o usuario deberá aboar por ese almacenamento o número de veces da peaxe diaria de almacenamento aplicable que se defina mediante resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia. Así mesmo, o usuario deberá formalizar as garantías financeiras asociadas a esta penalización. A peaxe facturarase e liquidarase conforme o procedemento establecido para as peaxes de acceso ás instalacións do sistema gasista e suporá un ingreso no sistema de liquidacións do sistema gasista. De non haber capacidade de almacenamento dispoñible suficiente para todos os usuarios con desbalance provisional positivo, a capacidade dispoñible repartirase entre estes usuarios de forma proporcional ao seu desbalance.

No caso de que non exista capacidade de almacenamento dispoñible suficiente na instalación, ou a cantidade de desbalance positiva do usuario poña en risco os dereitos adquiridos por un terceiro ou a operación normal das infraestruturas, ou o usuario, no mesmo día en que se produce a comunicación do balance, non formalizase as garantías financeiras correspondentes indicadas no presente punto, o xestor técnico do sistema, a partir do día seguinte ao día de gas, tras a publicación do balance diario provisional en TVB e do balance diario definitivo en AVB, e no menor prazo posible, regasificará nas plantas de regasificación, ou extraerá dos almacenamentos subterráneos, a cantidade de desbalance positiva do usuario nas instalacións, introducirá na área de balance en PVB e ofertará para a súa venda na plataforma de comercio mediante un produto normalizado con transferencia de título de propiedade de gas en PVB.

Se o almacenamento da cantidade de desbalance positiva, ou ben as operacións de regasificación ou extracción dos almacenamentos subterráneos da cantidade de desbalance positiva non son posibles, o xestor técnico do sistema poderá aplicar outras



medidas para asegurar a correcta operación das instalacións e preservar os dereitos de terceiros. O xestor técnico do sistema informará a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia sobre as medidas adoptadas e xustificará a súa necesidade.

5. Cando, para o día de gas, a cantidade de desbalance provisional dun usuario en TVB, ou de desbalance final definitivo en AVB, sexa negativa, o xestor técnico do sistema, a partir do día seguinte ao día de gas, tras a publicación do balance diario provisional en TVB e do balance diario definitivo en AVB, e no menor prazo posible, adquirirá na plataforma de comercio a cantidade de desbalance negativo mediante un produto normalizado con transferencia de título de propiedade de gas en PVB e introducirá na área de balance en TVB ou en AVB, segundo corresponda.

Se a licuefacción virtual ou a inxección nos almacenamentos subterráneos da cantidade de desbalance negativa non for posible, o xestor técnico do sistema poderá aplicar outras medidas para asegurar a correcta operación das instalacións e preservar os dereitos de terceiros. O xestor técnico do sistema informará a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia sobre as medidas adoptadas e xustificará a súa necesidade.

6. O xestor técnico do sistema poderá ofertar na plataforma de comercio o valor neto do conxunto de desbalances dos usuarios do día de gas na área de balance en TVB, en AVB ou en ambos, para a súa cesión ou adquisición, sen prexuízo das obrigacións económicas dos usuarios que deriven dos seus desbalances.

7. Excepto no caso dos desbalances positivos que sexan obxecto de almacenamento, os usuarios terán unha recarga económica polo seu desbalance provisional en TVB e o seu desbalance final definitivo en AVB valorado conforme o seguinte:

Os usuarios cuxo desbalance sexa positivo percibirán do xestor técnico do sistema a cantidade económica resultante de multiplicar a súa cantidade de desbalance polo prezo medio ponderado das transaccións de venda do xestor técnico do sistema na plataforma de comercio realizadas para a xestión de desbalances en TVB e AVB, unha vez descontados un axuste menor e as peaxes diarias polo uso das instalacións necesarias para introducir o gas de desbalance en PVB. Cando o xestor técnico do sistema non realice transaccións de venda, pero si de compra, usarase o prezo medio ponderado destas.

Os usuarios cuxo desbalance sexa negativo aboarán ao xestor técnico do sistema a cantidade económica resultante de multiplicar a súa cantidade de desbalance polo prezo medio ponderado das transaccións de compra do xestor técnico do sistema no mercado organizado de gas realizadas para a xestión de desbalances en TVB e AVB, unha vez engadido un axuste menor e a peaxe diaria polo uso das instalacións necesarias para introducir o gas de desbalance en TVB ou en AVB. Cando o XTS non realice transaccións de compra, pero si de venda, usarase o prezo medio ponderado destas.

Cando o xestor técnico do sistema non requira realizar ningunha transacción na plataforma de comercio para a xestión de desbalances en TVB e AVB, o desbalance dos usuarios valorarase economicamente empregando a tarifa de desbalance diario en PVB correspondente ao día de gas en que tivo lugar o desbalance e as peaxes correspondentes.

As peaxes que forman parte destas recargas suporán un ingreso no sistema de liquidacións do sistema gasista.

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, cando o considere necesario, poderá modificar, mediante resolución e logo de trámite de audiencia, o valor do axuste menor aplicable.

8. O xestor técnico do sistema será o responsable de calcular e facturar telematicamente a liquidación económica dos desbalances provisionais dos usuarios en TVB e dos desbalances finais definitivos en AVB. O cálculo e a comunicación das cantidades que se liquidarán por estes conceptos realizaranse na semana natural seguinte á semana que se liquida. Estas liquidacións faranse con cargo á conta que manterá o xestor técnico do sistema para a liquidación dos desbalances en TVB e AVB.

9. No mes  $m+3$ , unha vez que se dispoña das reparticións diarias do usuario para cada día de gas do mes  $m$  nas plantas de regasificación, e coa mellor información dispoñible nese momento, o xestor técnico do sistema calculará de novo a cantidade de

desbalance final provisional para cada día de gas do mes  $m$  e cada usuario en TVB, e comunicarllo a este.

Igualmente, para cada día de gas do mes  $m$ , o xestor técnico do sistema determinará a diferenza entre a cantidade de desbalance provisional e a cantidade de desbalance final provisional. O xestor técnico do sistema calculará a liquidación económica correspondente á dita diferenza conforme a metodoloxía descrita no número 7 do presente artigo. O xestor técnico do sistema facturará ao usuario a liquidación económica de forma conxunta para todos os días do mes  $m$ , con cargo á conta común para a liquidación dos desbalances en TVB e AVB.

A liquidación dos axustes derivados deste cálculo do mes  $m$  realizarase na primeira semana natural do mes  $m+4$ .

No caso de desbalances provisionais positivos que fosen obxecto de almacenamento segundo o disposto neste artigo, a liquidación dos axustes do mes  $m$  levarase a cabo mediante unha refacturación da peaxe de acceso aplicada.

10. No mes  $m+15$ , unha vez que se dispoña das reparticións diarias do usuario para cada día de gas do mes  $m$  nas plantas de regasificación, e coa mellor información dispoñible nese momento, o xestor técnico do sistema calculará de novo a cantidade de desbalance final definitivo para cada día de gas do mes  $m$  e cada usuario en TVB, e comunicarllo a este.

Igualmente, para cada día de gas do mes  $m$ , o xestor técnico do sistema determinará a diferenza entre a cantidade de desbalance final provisional e a cantidade de desbalance final definitivo. O xestor técnico do sistema calculará a liquidación económica correspondente á dita diferenza, valorándoa conforme a metodoloxía descrita no número 7 do presente artigo. O xestor técnico do sistema facturará ao usuario a liquidación económica de forma conxunta para todos os días do mes  $m$ , con cargo á conta común para a liquidación dos desbalances en TVB e AVB.

A liquidación dos axustes derivados dos desbalances finais definitivos dos usuarios do mes  $m$  realizarase no mes  $m+16$ .

No caso de desbalances provisionais positivos que fosen obxecto de almacenamento segundo o disposto neste artigo, a liquidación dos axustes do mes  $m$  levarase a cabo mediante unha refacturación da peaxe de acceso aplicada.

#### Artigo 9. *Neutralidade económica do xestor técnico do sistema na área de balance en TVB e en AVB.*

1. O xestor técnico do sistema non terá beneficio ou custo como consecuencia da facturación das recargas por desbalances dos usuarios en TVB e AVB, sempre que se cumpra o disposto nesta circular e que, de aplicar outras medidas para xestionar os desbalances provisionais en TVB e os desbalances finais definitivos en AVB dos usuarios, estas se apliquen de forma eficiente.

2. O xestor técnico do sistema remitirá á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, para a súa aprobación mediante resolución logo de trámite de audiencia, unha proposta de procedemento detallado do cálculo das recargas económicas dos desbalances dos usuarios en TVB e AVB, e da súa liquidación e facturación, así como da metodoloxía de liquidación dos custos e ingresos derivados dos desbalances nestas áreas de balance e da metodoloxía para asegurar a súa neutralidade económica. Unha vez aprobada a resolución, o xestor técnico do sistema publicará na súa páxina web. Ademais, o xestor técnico do sistema publicará o valor da tarifa por desbalance aplicable en TVB e AVB diariamente e de maneira telemática.

3. Para garantir a neutralidade económica do xestor técnico do sistema, en caso de falta de pagamento dunha recarga económica por desbalance atribuíble a un usuario, o xestor técnico do sistema non será responsable de asumir ningunha perda sempre que tomase as medidas necesarias en relación coa execución das garantías financeiras e que levase a cabo todas as actuacións ao seu alcance para a recuperación dos impagados, e deberá acreditar a imposibilidade de recuperar a débeda a través de tales medidas e actuacións.

Artigo 10. *Información sobre a xestión dos desbalances dos usuarios en TVB e en AVB.*

1. Periodicamente, o xestor técnico do sistema publicará, por vía telemática, información agregada sobre o gas adquirido e cedido na plataforma de comercio en relación cos desbalances dos usuarios en TVB e AVB, respectando a información comercialmente sensible.

No caso de que, na xestión dos desbalances provisionais en TVB e dos balances finais definitivos en AVB dos usuarios, o xestor técnico do sistema aplique outras medidas para asegurar a correcta operación das instalacións e preservar os dereitos de terceiros, deberá facer públicos os requisitos e as condicións que xustifiquen a necesidade de empregar tales medidas, así como o detalle e o resultado da súa adopción.

2. O xestor técnico do sistema informará anualmente a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia das súas actuacións en relación cos desbalances en TVB e en AVB, proporcionando unha descrición detallada e xustificación destas.

### CAPÍTULO III

#### **Normas de balance na rede de transporte**

Artigo 11. *Balance operativo e accións de balance na rede de transporte.*

1. Para o conxunto das redes de transporte, así como para o conxunto de redes de cada operador, calcularase, para cada día de gas, un balance físico diario do gas que transita polas instalacións, conforme o disposto na normativa de xestión técnica que resulte de aplicación.

2. Corresponde ao xestor técnico do sistema desenvolver, tras consulta pública, procedementos que permitan establecer o estado da rede de transporte. Estes procedementos serán aprobados pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e definirán a metodoloxía de cálculo:

a) Dos parámetros e valores técnicos que determinan a operación normal da rede de transporte e dos límites máximo e mínimo da cantidade de gas na rede de transporte para unha operación eficiente e económica desta.

b) Dos parámetros e valores técnicos da rede de transporte que definen a existencia de risco de condicións de operación distintas ás condicións de operación normal ou que precisen de accións de balance por parte do xestor técnico do sistema.

3. O xestor técnico do sistema dará periodicamente información sobre o estado da rede de transporte e os parámetros e valores técnicos das instalacións que determinan as condicións de operación desta.

4. O xestor técnico do sistema poderá realizar accións de balance para o día de gas con vistas a manter a rede de transporte dentro das condicións de operación normal, ou ben conseguir ao final do día unha cantidade distinta de gas na rede conforme unha operación eficiente e económica desta.

5. Ao realizar accións de balance, o xestor técnico do sistema terá en conta as estimacións de demanda, as nominacións e/ou renominacións dos usuarios, os fluxos de gas medidos até o momento, as presións de gas na rede de transporte e as condicións técnicas das instalacións.

6. As accións de balance realizaranse de forma non discriminatoria, sempre co fin de operar as infraestruturas de forma eficiente e económica.

7. As accións de balance consistirán preferentemente en transaccións realizadas polo xestor técnico do sistema na plataforma de comercio de produtos de balance normalizados a curto prazo, coa seguinte orde de mérito:

a) Produto normalizado con transferencia de título de propiedade de gas en PVB: o xestor técnico do sistema adquire gas dos usuarios ou vende gas aos usuarios no PVB.

b) Produto normalizado con transferencia de título de propiedade de gas local: o xestor técnico do sistema adquire gas dos usuarios ou vende gas aos usuarios nun punto ou conxunto de puntos determinados de entrada ou de saída da rede de transporte.

Ao comerciar con produtos normalizados a curto prazo, o xestor técnico do sistema dará prioridade ao uso de produtos dentro do día de gas sobre produtos do día seguinte.

O xestor técnico do sistema empregará produtos locais só se son necesarios cambios de fluxo de gas en puntos específicos ou agrupacións de puntos de entrada e/ou saída de gas.

A adquisición dun produto de cambio de titularidade de gas local por parte do xestor técnico do sistema deberá ir asociada á adquisición doutro equivalente no PVB de signo oposto. O usuario que realice co xestor técnico do sistema unha transacción dun produto de cambio de titularidade de gas local estará obrigado a manter o fluxo local de gas comprometido de forma expresa.

O xestor técnico do sistema poderá adquirir estes produtos o día anterior ao día de gas ou durante o día de gas, conforme as normas aplicables na plataforma de comercio e ao menor custo posible.

8. As transaccións de produtos normalizados con transferencia de título de propiedade de gas local realizadas polos usuarios co xestor técnico do sistema requirirán unha notificación en que se indique:

- a) Usuario contraparte.
- b) Día de gas en que se transfere o gas.
- c) Se se trata dunha transacción de adquisición ou de cesión de gas polo xestor técnico do sistema.
- d) Onde se entrega ou retira o gas (punto/s de entrada/saída da rede de transporte).
- e) Cantidade de gas adquirida ou cedida por cada usuario, en kWh/día.

9. As nominacións e renominacións dos usuarios que resulten como consecuencia de transaccións co xestor técnico do sistema de produtos de cambio de titularidade de gas locais non poderán modificarse.

Cando o xestor técnico do sistema adquira un produto normalizado de transferencia de título de propiedade de gas local, quedarán suspendidos os dereitos de renominación dos usuarios daqueles puntos onde se solicitase a dita oferta de produto local.

#### Artigo 12. *Servizos de balance en PVB.*

1. Con carácter puntual, e cando se prevexa que a adquisición de produtos normalizados a curto prazo non é posible, ou que non sexa probable que sirvan para que a rede de transporte se manteña nos seus límites operativos normais, o xestor técnico do sistema poderá realizar accións de balance empregando servizos de balance.

2. No emprego de servizos de balance, o xestor técnico do sistema terá en conta o seguinte:

- a) A maneira en que os servizos de balance manterán o sistema dentro dos seus límites operativos.
- b) O tempo de resposta dos servizos de balance en comparación co dos produtos normalizados a curto prazo.
- c) O custo estimado do uso dos servizos de balance respecto ao de calquera dos produtos normalizados a curto prazo.
- d) O punto de entrega/retirada do gas.
- e) En que medida o uso do servizo de balance afecta a liquidez do mercado de gas a curto prazo.

3. Antes da adquisición dun servizo de balance, o xestor técnico do sistema xustificará de forma detallada a súa necesidade nun informe detallado remitido á Comisión

Nacional dos Mercados e da Competencia, co obxecto de que esta última resolva motivadamente sobre se a autoriza ou non, ou se se deben cumprir algunhas condicións.

Este informe describirá, ao menos, as circunstancias climatolóxicas, condicións técnicas e operativas, situación da plataforma de comercio e calquera outra causa que faga necesario o uso do servizo de balance, así como os motivos precisos polos cales a adquisición de produtos normalizados na plataforma de comercio non é posible ou non resolvería o risco de que a rede de transporte entrase en condicións de operación distintas ás condicións de operación normal, así como os servizos de balance propostos, incluíndo vantaxes e desvantaxes respecto a outros servizos de balance alternativos que fosen descartados.

4. A duración do servizo de balance non poderá ser superior a un ano e a data de comezo estará dentro dun período de doce meses a partir do compromiso vinculante para as partes contratantes.

5. O xestor técnico do sistema adquirirá os servizos de balance mediante un mecanismo de oferta pública obxectivo, transparente e non discriminatorio. A convocatoria de oferta será non restritiva e describirá o servizo requirido, o prezo máximo que se pagará por el e o proceso detallado de valoración e selección, e incluírá instrucións claras aplicables aos ofertantes que lles permitan participar no proceso. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia aprobará con carácter previo as bases da oferta pública.

O xestor técnico do sistema publicará telematicamente os resultados do proceso de adquisición dos servizos de balance de forma agregada, respectando a confidencialidade da información comercialmente sensible, e comunicará a cada ofertante os resultados individuais da súa oferta.

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia supervisará tanto o proceso de selección dos servizos de balance como a súa utilización por parte do xestor técnico do sistema.

6. O xestor técnico do sistema poderá solicitar a aprobación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia para comerciar con zonas de balance de países adxacentes como alternativa aos produtos normalizados e servizos de balance nacionais. Para a súa aprobación, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá considerar solucións alternativas para mellorar o funcionamento do mercado interior. Non obstante, o uso desta acción de balance non deberá limitar o acceso e a utilización, por parte dos usuarios da rede de transporte, da capacidade da interconexión. O xestor técnico do sistema e a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia reconsiderarán con carácter anual as condicións aplicables.

#### Artigo 13. *Información sobre as accións de balance do xestor técnico do sistema en PVB.*

1. O xestor técnico do sistema publicará telematicamente información sobre as accións de balance empregadas, antes da súa facturación, e indicará os condicionantes técnicos que provocaron as ditas accións, as accións de balance adoptadas e o custo e resultado destas.

2. O xestor técnico do sistema informará anualmente das súas actuacións a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, achegando a xustificación detallada das causas que fixesen necesaria a aplicación da acción de balance e detallando os custos derivados de cada unha delas. No caso de accións de balance de adquisición de produto normalizados con transferencia de título de propiedade de gas local e servizos de balance, deberá incluír os motivos precisos que impediron recorrer a un produto normalizado de transferencia de título de propiedade de gas en PVB e as condicións técnicas e operativas existentes no momento da decisión.

3. O xestor técnico do sistema publicará telematicamente, dentro do primeiro trimestre de cada ano, un informe respecto ás accións de balance realizadas no ano anterior (frecuencia de emprego, cantidade comprometida, etc.) e os seus custos.



Artigo 14. *Requisitos das entidades que realizan funcións de notificación de transaccións.*

1. A plataforma de comercio onde o xestor técnico do sistema realice as transaccións de transferencia de titularidade de gas cos usuarios cumprirá cos seguintes requisitos:

- a) Permitir a realización de transaccións de compra e venda de gas no punto virtual do sistema de transporte, incluídos produtos con horizonte de entrega diaria e intradiaria.
- b) Ofrecer asistencia suficiente durante o día de gas, tanto aos usuarios como ao xestor técnico do sistema, para que o xestor técnico do sistema poida realizar as accións de balance adecuadas mediante a transacción de produtos normalizados a curto prazo.
- c) Proporcionar un acceso obxectivo, transparente e non discriminatorio para todos os usuarios.
- d) Proporcionar servizos sobre a base dun tratamento igualitario. Poderá proporcionar servizos engadidos conforme os dun mercado organizado de gas.
- e) Asegurar unha negociación anónima, tanto na casación como na liquidación.
- f) Proporcionar unha visión detallada das ofertas e demandas actuais a todos os participantes.
- g) Publicar os prezos e os volumes dos produtos negociados na plataforma de forma agregada.
- h) Asegurar que todas as transaccións cun horizonte temporal diario e intradiario que teñan lugar na plataforma se notifican debidamente ao xestor técnico do sistema.

2. Só os usuarios habilitados para efectuaren notificacións conforme o disposto nesta circular poderán efectuar transaccións nas plataformas de comercio e nas plataformas de negociación e entidades de contrapartida central que realicen funcións de notificación de transaccións.

O xestor técnico do sistema informará de forma inmediata os operadores das plataformas de comercio e as plataformas de negociación, entidades de contrapartida central e provedores de servizos que realicen funcións de notificación de transaccións se un usuario perde o dereito a realizar notificacións.

3. Tras a conclusión dunha transacción comercial nas plataformas de comercio, ben sexa entre usuarios ou ben entre usuarios e o xestor técnico do sistema, o operador da plataforma facilitará aos participantes na transacción información suficiente para confirmala.

4. O operador da plataforma de comercio onde o xestor técnico do sistema realice as transaccións de transferencia de titularidade de gas cos usuarios terá a obriga de publicar información sobre os prezos das transaccións sen demoras indebidas, en concreto: a evolución dos prezos de compra marxinal e de venda marxinal que definen as tarifas de desbalance, prezos medios, prezos medios ponderados e a diferenza de prezos entre oferta e demanda. Así mesmo, proverá información agregada acerca do volume de transaccións.

Artigo 15. *Recargas económicas por desbalance dos usuarios no día de gas.*

1. Os usuarios comezarán cada día de gas cunha cantidade de desbalance nula na área de balance en PVB.

2. No día despois do día de gas, o xestor técnico do sistema calculará a cantidade de desbalance provisional para cada usuario no día de gas como a diferenza entre as entradas e as saídas da área de balance en PVB correspondentes ao usuario no día de gas. A cantidade de desbalance provisional do usuario proporcionaráselle a este segundo o calendario e co detalle de información que exixa a normativa vixente.

O xestor técnico do sistema será o responsable de calcular e facturar telematicamente a liquidación económica dos desbalances provisionais dos usuarios. A liquidación farase con cargo a unha conta común que manterá o xestor técnico do sistema para a liquidación dos desbalances diarios e accións de balance de produtos normalizados con transferencia de título de propiedade de gas en PVB.

3. Corresponde á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia aprobar mediante resolución a metodoloxía de cálculo das tarifas de desbalance diario. Esta metodoloxía recollerá un procedemento detallado de facturación e liquidación, tanto dos desbalances dos usuarios como das accións de balance que emprenda o xestor técnico do sistema, que considerará a posibilidade de que o usuario solicite unha revisión da liquidación asignada nuns prazos concretos.

O xestor técnico do sistema publicará a metodoloxía de cálculo das tarifas de desbalance e calculará e publicará o valor concreto das tarifas diariamente de maneira telemática.

4. Os usuarios con desbalance negativo en PVB (defecto de gas na área de balance en PVB) no día de gas deberán aboar ao xestor técnico do sistema o resultado de multiplicar a cantidade de desbalance individual provisional pola tarifa de desbalance diario que corresponda ao día de gas. Non se considerarán neste cálculo as posibles accións de balance levadas a cabo polo xestor técnico do sistema de adquisición/cesión de produtos normalizados con transferencia de título de propiedade de gas local ou servizos de balance.

Os usuarios con desbalance positivo en PVB (exceso de gas na área de balance en PVB) no día de gas terán dereito a percibir do xestor técnico do sistema o resultado de multiplicar a cantidade de desbalance individual provisional pola tarifa de desbalance que corresponda ao día de gas. Non se considerarán neste cálculo as posibles accións de balance levadas a cabo polo xestor técnico do sistema de adquisición/cesión de produtos normalizados con transferencia de título de propiedade de gas local ou servizos de balance.

*Artigo 16. Imputación do custo das accións de balance: neutralidade económica do xestor técnico do sistema.*

1. O xestor técnico do sistema non terá beneficio ou custo como consecuencia da realización de accións de balance en PVB, sempre que estas se realicen de forma eficiente.

2. As accións de balance de transferencia de título de propiedade de gas en PVB do mes  $m$  liquidaranse mensualmente. Para cada mes  $m$ , na primeira semana do mes seguinte, o xestor técnico do sistema calculará o resultado económico neto conxunto da liquidación dos desbalances individuais do mes  $m$  e do emprego de accións de balance con transferencia de título de propiedade de gas en PVB que realizase no mes  $m$ , como ingresos menos custos. Neste cálculo non se terán en conta nin a adquisición de produtos normalizados con transferencia de título de propiedade de gas local nin os servizos de balance.

Así mesmo, para cada usuario calculará o desbalance mensual acumulado como a suma do valor absoluto dos desbalances diarios provisionais do usuario no dito mes.

3. Cando o resultado económico neto do xestor técnico do sistema calculado no número 2 deste artigo sexa negativo, os usuarios con desbalance mensual acumulado aboarán ao xestor técnico do sistema, logo de facturación deste, o mencionado resultado económico neto de forma proporcional ao seu desbalance mensual acumulado.

4. Cando o resultado económico neto do xestor técnico do sistema calculado no número 2 deste artigo sexa positivo, o dito resultado manterase na conta común para a liquidación dos desbalances diarios e accións de balance de produtos normalizados con transferencia de título de propiedade de gas en PVB até fin de ano.

5. No mes  $m+3$ , unha vez que se dispoña das reparticións diarias do usuario para cada día de gas do mes  $m$ , o xestor técnico do sistema calculará a cantidade de desbalance final provisional para cada día de gas do mes  $m$  e cada usuario e comunicarllo a este.

Igualmente, o xestor técnico do sistema recalculará e refacturará o axuste da liquidación económica dos desbalances finais provisionais do mes  $m$  do usuario, empregando para cada día de gas do mes  $m$  a tarifa de desbalance que corresponde ao dito día segundo a metodoloxía de tarifas de desbalance establecida, así como o cargo

correspondente ás accións de balance de produtos normalizados con transferencia de título de propiedade de gas en PVB, calculado conforme os puntos anteriores.

6. No mes  $m+15$ , unha vez que se dispoña das reparticións diarias do usuario para cada día de gas do mes  $m$ , o xestor técnico do sistema calculará a cantidade de desbalance final definitivo para cada día de gas do mes  $m$  e cada usuario e comunicarllo a este.

Igualmente, o xestor técnico do sistema recalculará e refacturará o axuste da liquidación económica dos desbalances finais definitivos do mes  $m$  do usuario, empregando para cada día de gas do mes  $m$  a tarifa de desbalance que corresponde ao dito día segundo a metodoloxía de tarifas de desbalance establecida, así como o cargo correspondente ás accións de balance de produtos normalizados con transferencia de título de propiedade de gas en PVB, calculado conforme os puntos anteriores.

7. No día de gas en que o xestor técnico do sistema empregase accións de balance de produtos normalizados con transferencia de título de propiedade de gas local, o xestor técnico do sistema calculará o resultado económico neto das ditas accións como ingresos menos custos. Neste caso, a liquidación non se fará con cargo á conta común que manterá o xestor técnico do sistema para a liquidación dos desbalances diarios e accións de balance de produtos normalizados con transferencia de título de propiedade de gas en PVB, senón que será unha conta diferenciada.

En caso de que o resultado económico neto sexa negativo, este resultado será soportado polos usuarios que introduzisen gas á rede de transporte no dito día, proporcionalmente ás súas entradas, e facturaráselles na semana natural seguinte á semana que se liquida.

En caso de que o resultado económico neto sexa positivo, o dito resultado manterase na conta común para a liquidación dos desbalances diarios e as accións de balance de produtos normalizados con transferencia de título de propiedade de gas local até fin de ano.

8. Corresponde ao xestor técnico do sistema propor para a súa aprobación por parte da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia o procedemento de imputación de custos e a súa liquidación polo emprego de servizos de balance.

9. En caso de que a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia detecte un funcionamento inadecuado, a metodoloxía de cálculo das tarifas de desbalance que dea lugar ás recargas por desbalances individuais dos usuarios e imputación do custo das accións de balance do xestor técnico do sistema poderá ser revisada, tras consulta pública. A revisión farase por solicitude do xestor técnico do sistema.

10. Para garantir a neutralidade económica do xestor técnico do sistema, en caso dun impagamento dunha recarga económica por desbalance atribuíble a un usuario de rede, o xestor técnico do sistema non será responsable de asumir ningunha perda sempre que tomase as medidas necesarias en relación coa execución das garantías financeiras e levase a cabo todas as actuacións ao seu alcance para recuperar os impagados, e deberá acreditar a imposibilidade de recuperar a débeda a través de tales medidas e actuacións.

## Artigo 17. *Servizo de flexibilidade de almacenamento de gas.*

1. O servizo de flexibilidade de almacenamento de gas na rede de transporte será o que fisicamente proporciona a capacidade de almacenamento do conxunto de gasodutos de transporte.

2. O servizo de flexibilidade na rede de transporte debe cumprir as seguintes condicións:

a) Será neutro en custos para o xestor técnico do sistema. Os ingresos cubrirán os custos do servizo, aínda que se poderán establecer incentivos para unha xestión eficiente do servizo de flexibilidade por parte do xestor técnico do sistema.

b) Os custos serán soportados polos usuarios do servizo.

c) O servizo proverase mediante mecanismos de mercado.

d) Non prexudicará o comercio interno nin transfronteirizo.

e) Será coherente co cálculo das cantidades de desbalance diario establecido nos artigos previos e limitado ao nivel de almacenamento dispoñible no conxunto da rede de transporte.

3. O servizo de flexibilidade poderá ser ofertado polo xestor técnico do sistema conforme unha metodoloxía, que deberá ser previamente aprobada mediante resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

4. O resultado económico neto (custos menos ingresos) do xestor técnico do sistema correspondente á oferta do servizo de flexibilidade, se o houber, terá carácter liquidable no sistema de liquidacións das actividades reguladas do sector gasista.

5. En función das necesidades do sistema gasista, o xestor técnico do sistema remitirá á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia un informe en que valorará a oportunidade e conveniencia de ofertar o servizo de flexibilidade da rede de transporte.

## CAPÍTULO IV

### Incentivos do xestor técnico do sistema

*Artigo 18. Incentivos do xestor técnico do sistema en relación co balance do sistema gasista.*

1. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia aprobará un réxime de incentivos respecto á xestión dos desbalances dos usuarios en TVB e en AVB, así como respecto ás accións de balance en PVB, co fin de promover a maior eficiencia do xestor técnico do sistema no que afecta as áreas de balance en TVB e AVB e na selección e emprego das accións de balance.

2. O réxime de incentivos do xestor técnico do sistema basearase no seu desempeño e estará suxeito á revisión periódica da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia. No caso da selección e emprego das accións de balance en PVB, terá en conta, ademais, as opcións de mercado de que este dispón para iso.

3. O mecanismo de incentivo á eficiencia na selección e no emprego das accións de balance en PVB cumprirá os seguintes requisitos:

a) Establecer un obxectivo de desempeño determinado de maneira que, segundo sexa o desempeño real do xestor técnico do sistema, superior ou inferior ao obxectivo predeterminado, se conformará un cobramento do xestor técnico do sistema ou un pagamento por este.

b) Ter en conta os medios dispoñibles e a súa adecuada utilización por parte do xestor técnico do sistema para controlar o desempeño, conforme os criterios introducidos nesta circular.

c) Asegurar que a súa aplicación reflicte de forma precisa a asignación de responsabilidades entre as partes implicadas.

d) Adaptarse ao estado actual de desenvolvemento do mercado de gas.

e) Ter en conta se as decisións do xestor técnico do sistema axudaron a reducir os custos do sistema.

f) Ter en consideración a valoración dos usuarios.

g) Ter en conta a calidade e o cumprimento en prazo das obrigacións emanadas desta circular.

h) Estar suxeito a unha revisión, anual durante os dous primeiros anos de aplicación e cuadrienal posteriormente, por parte da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, que desempeñará esta tarefa en cooperación co xestor técnico do sistema, para avaliar onde e en que medida son necesarios cambios nel.

4. O xestor técnico do sistema propondrá á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia un mecanismo de incentivos á eficiencia na xestión dos desbalances dos usuarios en TVB e AVB e na selección e emprego das accións de balance en PVB, cuxa aprobación, mediante circular, corresponde á dita Comisión.

5. Conforme o disposto nesta circular, anualmente, antes do 15 abril de cada ano, o xestor técnico do sistema remitirá á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia un informe en que xustifique as súas actuacións durante o ano anterior para a xestión dos desbalances dos usuarios en TVB e en AVB, así como a adopción das accións de balance en PVB, detallando os custos derivados de cada unha delas. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia analizará se eses custos se produciron de forma ineficiente. No caso concreto do PVB, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia terá en conta:

- a) Se o xestor técnico do sistema puido, e en que medida, mitigar os custos xerados polas accións de balance.
- b) A información, o tempo e as ferramentas con que contaba o xestor técnico do sistema no momento en que decidiu realizar a acción de balance.

## CAPÍTULO V

### Liquidacións económicas e contas de liquidación

Artigo 19. *Calendario para as liquidacións económicas por desbalances.*

1. O xestor técnico do sistema elaborará e publicará, antes do 1 de xaneiro de cada ano, os calendarios detallados coas datas de cobramentos e pagamentos das liquidacións dos desbalances nas áreas de balance en TVB, AVB e PVB e das accións de balance en PVB. Cando nun mesmo período de liquidación o xestor técnico do sistema deba facer tanto pagamentos aos usuarios desde as contas de liquidacións de desbalances como ingresos nas ditas contas por parte dos usuarios, asegurárase de que os ingresos se realizan antes que os pagamentos.

2. As tarifas de desbalance e as recargas correspondentes por desbalances en TVB, AVB e PVB, así como os cargos pola neutralidade do xestor técnico do sistema en PVB, identificaranse por separado nas facturas do xestor técnico do sistema aos usuarios. En concreto, a facturación polos desbalances e as accións de balance será diferenciada e desagregada por tipo de produto e servizo.

Artigo 20. *Resultado das contas de liquidacións por desbalances.*

Anualmente, o xestor técnico do sistema comunicará á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia o saldo da conta de liquidación de desbalances en TVB e AVB, o saldo da conta de liquidación dos desbalances diarios e accións de balance de produtos normalizados con transferencia de título de propiedade de gas en PVB e o saldo da conta de liquidación das accións de balance de produtos normalizados con transferencia de título de propiedade de gas local. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, mediante resolución, determinará a cantidade remanente que se manterá nas ditas contas e o destino do exceso de saldo das contas sobre o remanente.

## CAPÍTULO VI

### Información que deben intercambiar os suxeitos

Artigo 21. *Procedementos de nominación e renominación.*

1. Os procedementos de nominación e renominación das plantas de regasificación de gas natural licuado, a rede de transporte e os almacenamentos subterráneos básicos estarán establecidos na normativa correspondente e cumpriran co disposto no presente artigo.

2. Antes das 14.00 horas do día anterior ao día de gas, os usuarios poderán realizar as seguintes nominacións:



- a) Na rede de transporte, nominacións de:
  1. Entradas por punto de entrada (conxunto de plantas de gas natural licuado, conexións internacionais, conxunto de almacenamentos, xacementos), en kWh/d.
  2. Saídas do conxunto da rede e nos puntos de saída en que sexan requiridos polo xestor técnico do sistema, en kWh/d.
- b) Nas plantas de regasificación, nominacións de:
  1. Cantidade que se regasificará o día d no conxunto das plantas, en kWh/d.
  2. Cantidade que se cargará en cisternas ou en buques o día d por planta, en kWh/d.
  3. Cantidade que se descargará o día d por planta, en kWh/d.
- c) No conxunto dos almacenamentos subterráneos, nominacións de inxección e extracción de gas, proporcionando a cantidade que se inxectará e/ou extraerá, en kWh/d.
- d) Calquera outra nominación necesaria de acordo coa lexislación vixente, co detalle de información adecuado.

3. Na falta dunha nominación válida enviada polo usuario, tomarase como nominación a última programación semanal. No caso das entradas/saídas por conexións internacionais con Europa, o xestor técnico do sistema aplicará a norma de nominación por defecto que se acordase co operador de redes de transporte ao outro lado da fronteira. O xestor técnico do sistema fará pública esta regra na súa páxina web.

4. O xestor técnico do sistema, no día anterior ao día de gas, disporá de 2 horas, até as 16.00 horas, para confirmar as nominacións realizadas.

5. Unha vez confirmada a nominación, iniciarase unha serie de ciclos de renominacións correspondentes ao uso das infraestruturas no día de gas. O último ciclo de renominacións do día de gas finalizará tres horas antes da finalización do día de gas.

Cada ciclo de renominacións iniciarase ao comezo de cada hora, terá unha duración de dúas horas e finalizará coa confirmación da renominación por parte do xestor técnico do sistema. O usuario poderá enviar renominacións durante a primeira hora e media do ciclo de renominación. A hora de comezo do cambio efectivo da nominación será 2 horas despois do inicio do ciclo de renominación, a menos que o usuario solicite un momento posterior.

O contido das renominacións será o mesmo que o das nominacións.

A cantidade renominada expresada nas renominacións realizadas no día anterior ao día de gas afectará o uso da instalación por parte do usuario durante todo o día de gas e expresarase en kWh/día.

A cantidade renominada expresada nas renominacións realizadas dentro do día de gas afectará as horas restantes do día de gas unha vez finalizado o ciclo de renominación en que se produciu a renominación e expresarase en kWh.

Cando unha nominación ou renominación realizada no día anterior do día de gas (expresada en kWh/día) se vexa modificada por unha renominación realizada durante o día de gas, o cálculo da cantidade de gas que estivo efectivo da nominación/renominación realizada no día anterior ao día de gas realizarase de forma proporcional ao número de horas en que tal nominación/renominación estivo vixente.

6. En calquera momento, en función das necesidades específicas do xestor técnico do sistema e dos operadores das instalacións, e sempre que estea xustifico, estes poderán exixir aos usuarios delas que proporcionen información adicional sobre as nominacións e renominacións, en concreto, unha previsión precisa, actualizada e suficientemente detallada das súas entradas e saídas.

7. O xestor técnico do sistema poderá non aceptar unha nominación ou renominación nos seguintes casos:

- a) Se non se axusta ao contido establecido.
- b) Se non a envía un usuario autorizado.
- c) Se dá lugar a un fluxo que non pode suceder fisicamente.

d) Se supera a capacidade contratada do axente.

No caso de que non se acepte unha renominación dun usuario, o xestor técnico do sistema utilizará a última cantidade do usuario aceptada como nominación ou renominación.

8. O xestor técnico do sistema non poderá denegar unha nominación dun usuario porque a súa nominación de entradas nunha área de balance non coincida coa nominación das súas saídas na dita área.

9. O xestor técnico do sistema só poderá modificar a cantidade dunha nominación e renominación en casos excepcionais e, en particular, en situacións de emerxencia en que haxa un perigo evidente para a seguridade e estabilidade do sistema, caso en que deberá informar a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas e a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, e xustificar a súa actuación.

10. Toda a información e comunicación relativa aos procesos de nominación e renominación se realizará a través do sistema loxístico de acceso de terceiros á rede (SL-ATR) do xestor técnico do sistema.

#### Artigo 22. *Información que se facilitará aos usuarios.*

1. O xestor técnico do sistema será o encargado de proporcionar aos usuarios a mellor información dispoñible que exista en relación co seu balance nas distintas áreas de balance, antes do día de gas, durante o día de gas e despois do día de gas.

Toda a información respecto ao balance dos usuarios se proporcionará a través do sistema loxístico de acceso de terceiros á rede (SL-ATR) do xestor técnico do sistema.

Establecerase o detalle da información que se proporcionará sobre o balance dos usuarios nas áreas de balance en TVB, PVB e AVB, segundo o disposto neste artigo.

2. O xestor técnico do sistema publicará telematicamente, antes das 10.00 h do día anterior ao día de gas, a súa estimación de demanda para o día de gas no conxunto do sistema gasista en kWh/día, así como toda a información sobre as hipóteses realizadas para o seu cálculo.

3. Antes das 12.00 h do día anterior ao día de gas, os operadores de redes de distribución remitirán telematicamente ao xestor técnico do sistema, a través do Sistema loxístico de acceso de terceiros á rede, a previsión da demanda na súa rede de distribución para o día d por usuario, con desagregación de consumo telemedido e non telemedido, conforme a regulación vixente, en kWh/d. Igualmente, os transportistas remitirán ao xestor técnico do sistema a previsión da demanda das súas saídas por liña directa para o día d por usuario, e con desagregación de consumo telemedido e non telemedido.

Con esta información, o xestor técnico do sistema recalculará, de ser o caso, a demanda global do sistema para o día de gas, expresada en kWh/d, e publicaráa no sistema loxístico de acceso de terceiros á rede antes das 13.00 h do día anterior ao día de gas.

Así mesmo, tamén antes das 13.00 h do día anterior ao día de gas, o xestor técnico do sistema calculará a desagregación da demanda global do sistema por usuario e comunicará a cada usuario a demanda que lle corresponde.

4. Durante o día de gas, o xestor técnico do sistema, en colaboración cos responsables da medida e da repartición, proporcionará a cada usuario, con base na súa propia información e na información que proporcionen os operadores das redes, información en, polo menos, dúas ocasións, ás 14.00 h e ás 21.00 h. A información fará referencia á posición de gas do usuario ás 11.00 h e ás 18.00 h, respectivamente.

A información que se lle comunicará a cada usuario en relación coa área de balance en PVB será a seguinte:

a) Entradas: na rede de transporte, o gas introducido até o momento en cada punto de entrada ao conxunto da rede de transporte que corresponde ao usuario, en kWh.

- b) Saídas: na rede de transporte:
1. O consumo telemedido acumulado até ese momento que corresponde ao usuario, en kWh, proporcionado por transportistas e distribuidores.
  2. Estimación actualizada da demanda non telemedida que corresponde ao usuario para o total do día de gas, en kWh/día, proporcionada por distribuidores.
  3. Emisión acumulada até ese momento nos puntos de conexión que se determinen na normativa aplicable, en kWh, proporcionada por transportistas e distribuidores.
- A información que recibirá cada usuario en relación coa área de balance en TVB será a seguinte:

- a) Entradas:
1. O gas introducido desde o PVB (licuefacción virtual), en kWh.
  2. O gas natural licuado descargado ou adquirido en TVB, en kWh.
- b) Saídas:
1. O gas regasificado, en kWh.
  2. O gas natural licuado cargado en buques, cisternas ou cedido, en kWh.
- c) Existencias iniciais de gas natural licuado en TVB ao comezo do día de gas.

A información que se debe comunicar a cada usuario en relación coa área de balance en AVB será a seguinte:

- a) Entradas: o gas inxectado ou adquirido en almacenamentos subterráneos básicos, en kWh.
- b) Saídas: o gas extraído ou cedido en almacenamentos subterráneos básicos, en kWh.
- c) Existencias iniciais de gas natural en AVB ao comezo do día de gas.

5. Periodicamente, o xestor técnico do sistema, en colaboración cos operadores das instalacións, realizará un informe, que remitirá á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, en que valorará e detallará os custos e beneficios de aumentar a frecuencia da provisión de información aos usuarios, reducir os prazos de subministración de información e mellorar a previsión de información subministrada, tanto durante o día de gas coma no día anterior e posterior ao día de gas.

En función deste informe, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá, mediante resolución, concretar cuestións de detalle sobre o procedemento e contido da subministración de información.

6. Antes de finalizar cada ano, o xestor técnico do sistema publicará na súa páxina web un informe sobre a precisión da información das saídas da rede de transporte sen medición diaria.

## CAPÍTULO VII

### Garantías para a liquidación de desbalances

Artigo 23. *Condicións xerais sobre garantías para a liquidación de desbalances.*

1. O xestor técnico do sistema requirirá aos usuarios a formalización de garantías co fin de mitigar o posible impagamento de calquera importe debido ás liquidacións de desbalances.

O importe e a vixencia dos requirimentos de garantías para a liquidación de desbalances do usuario serán os necesarios para cubrir o seu nivel de risco nas áreas de balance en TVB, PVB e AVB. O importe calcularase mediante a aplicación das fórmulas incluídas nesta circular.

2. As garantías para a liquidación de desbalances nas áreas de balance serán xestionadas conforme o establecido na normativa vixente polo xestor de garantías.

3. Os requirimentos e as liberacións de garantías para a liquidación de desbalances serán realizados polo xestor técnico do sistema e comunicados aos usuarios e ao xestor de garantías.

O xestor técnico do sistema deberá coñecer calquera variación nas garantías asignadas por cada usuario para as liquidacións de desbalances.

O xestor técnico do sistema habilitará un simulador que proporcionará aos usuarios un cálculo non vinculante das garantías requiridas, así como o detalle dos cálculos realizados.

4. Cada vez que se calcule o nivel de risco do usuario de acordo co disposto nesta circular e se constate que este é superior en máis de 10.000 euros ao requirimento anterior de garantías para as liquidacións de desbalances exixido a aquel, realizarase un requirimento inmediato polo volume de garantías necesarias para cubrir a dita diferenza.

5. Os requirimentos de garantías para a liquidación de desbalances serán de cumprimento inmediato e de carácter indefinido, até que se produza a última liquidación de recargas por desbalances que afecte o usuario.

En calquera caso, será motivo de liberación das garantías para a liquidación de desbalances a baixa de usuarios con carteira de balance nas áreas de balance cando o usuario cumprise todas as súas obrigacións e saldase as súas débedas en relación coas recargas por desbalances.

6. O xestor técnico do sistema será responsable de manter un rexistro do nivel de risco de desbalance do usuario para cada día de gas «d».

7. En caso dun impagamento dunha recarga por desbalance atribuíble a un usuario, o xestor técnico do sistema non será responsable de asumir ningunha perda, sempre que as garantías financeiras e outros requisitos contractuais se aplicasen debidamente e que o xestor técnico do sistema levase a cabo todas as actuacións ao seu alcance para reclamar o pagamento da recarga, e deberá acreditar a imposibilidade de recuperar a débeda a través das ditas actuacións.

#### Artigo 24. *Execución de garantías en caso de impagamento das recargas por desbalances.*

1. Considerarase que se produce un incumprimento das obrigacións de pagamento das recargas por desbalances se, unha vez vencido o período de pagamento, a débeda non se aboou.

2. No caso de incumprimentos no pagamento relativos ás recargas por desbalances, o xestor técnico do sistema notificarallo ao xestor de garantías.

O xestor de garantías executará as garantías constituídas para a liquidación por desbalances. As cantidades debidas e non pagadas devindicarán xuros de demora a partir da finalización do prazo de pagamento da recarga por desbalance a que correspondan até a data en que efectivamente se aboe a cantidade pendente.

Adicionalmente, se for necesario, o xestor técnico do sistema requirirá ao usuario a reposición de garantías correspondente ao seu novo nivel de risco.

3. Se a execución das garantías non permite o cobramento da totalidade da cantidade debida, o xestor de garantías comunicarllo ao xestor técnico do sistema. Neste caso, o xestor de garantías reterá as garantías non asignadas do usuario incluídas na conta de garantías.

Durante o prazo comprendido entre a execución das garantías e o pagamento das cantidades debidas xunto cos xuros que correspondan, rexeitarase calquera nominación e renominación de saída de PVB do usuario, así como de TVB e AVB, sempre que iso supoña a saída de gas do sistema español ou que o usuario posúa existencias negativas nestas instalacións. Rexeitarase tamén calquera nova notificación de transferencia de titularidade de gas natural licuado e gas que supoña unha cesión ou venda por parte do usuario, excepto as xa comunicadas polo mercado organizado de gas. O xestor técnico do sistema informará sobre o incumprimento das obrigacións de pagamento do usuario e as súas consecuencias, para os efectos oportunos, os operadores das plataformas de

comercio, as plataformas de negociación, entidades de contrapartida central e provedores de servizos que realicen funcións de notificación de transferencias, os operadores das infraestruturas do sistema e os usuarios. Así mesmo, o xestor técnico do sistema reterá ao usuario as cantidades económicas que lle poidan corresponder por posibles desbalances positivos do usuario nas áreas de balance en PVB, TVB e AVB. Tamén, os operadores das plataformas de comercio e as entidades de contrapartida central que realicen notificacións de transferencias reterán todas as cantidades económicas que corresponden ao usuario en relación coas súas actividades no sector do gas natural.

As cantidades económicas retidas conforme este punto poderán ser utilizadas, por solicitude do xestor técnico do sistema gasista, para cumprir coas obrigacións do usuario en relación coas recargas por desbalances.

4. Unha vez realizado voluntariamente o pagamento das cantidades debidas polo usuario xunto cos debidos xuros, o xestor técnico do sistema comprobará que o usuario dispón das garantías necesarias correspondentes ao seu novo nivel de risco. De non ser así, procederase segundo o establecido no artigo 25 desta circular. Se o usuario conta coas garantías necesarias conforme o seu nivel de risco, o xestor técnico do sistema aboará ao usuario as cantidades económicas que se devindicasen como consecuencia dos desbalances positivos do usuario durante o período en que existiu o impagamento. Ademais, liberaranse as cantidades económicas retidas derivadas da súa actividade nas plataformas de comercio e nas entidades de contrapartida central.

Artigo 25. *Incumprimento dos requirimentos de achega de garantías por desbalances.*

1. Consideraranse os seguintes incumprimentos:

a) Incumprimento na achega de novas garantías requiridas.

Mentres o usuario non dispoña das garantías correspondentes ao seu nivel de risco, rexeitarase calquera nominación e renominación de saída do PVB do usuario, así como de TVB e AVB, sempre que iso supoña a saída de gas do sistema español ou que o usuario posúa existencias negativas nestas instalacións. Rexeitarase tamén calquera nova notificación de transferencia de titularidade de gas natural licuado e gas que supoña unha cesión ou venda por parte do usuario, excepto as xa comunicadas polo mercado organizado de gas. O xestor técnico do sistema informará sobre o incumprimento das obrigacións de pagamento do usuario e as súas consecuencias, para os efectos oportunos, os operadores das plataformas de comercio, as plataformas de negociación, entidades de contrapartida central e provedores de servizos que realicen funcións de notificación de transferencias, os operadores das infraestruturas do sistema e os usuarios. Así mesmo, o xestor técnico do sistema non aboará ao usuario as cantidades económicas que lle poidan corresponder por posibles desbalances positivos do usuario nas áreas de balance en PVB, TVB e AVB. Tamén, os operadores das plataformas de comercio e as entidades de contrapartida central que realicen notificacións de transferencias reterán todas as cantidades económicas que corresponden ao usuario en relación coas súas actividades no sector do gas natural. Ademais, o xestor de garantías non terá en consideración as solicitudes de devolución de garantías do usuario.

As cantidades económicas retidas poderán ser utilizadas, por solicitude do xestor técnico do sistema gasista, para cumprir coas obrigacións do usuario en relación coas recargas por desbalances.

Unha vez que o usuario estableza as garantías correspondentes ao seu nivel de risco, o xestor técnico do sistema aboará ao usuario as cantidades económicas que se devindicasen como consecuencia dos desbalances positivos do usuario durante o período en que non cumpriu co nivel de garantías requiridas. Ademais, liberaranse as cantidades económicas retidas derivadas da súa actividade nas plataformas de comercio e nas entidades de contrapartida central. Así mesmo, o xestor de garantías tramitará, de ser o caso, as solicitudes de devolución de garantías do usuario.

b) Incumprimento no mantemento dos instrumentos de garantías.



Considerarase que se produciu incumprimento:

- i. No caso de que, chegado o quinto día anterior á data de expiración da garantía, esta non fose substituída por unha garantía con vixencia superior aos cinco días seguintes á data de expiración.
- ii. No caso de que os instrumentos de garantías non cumpran cos requisitos establecidos, ou ben cando o xestor de garantías requira a substitución destes por outras garantías válidas, a dita substitución non teña lugar dentro dun prazo de cinco días.

En ambos os casos executarase o importe necesario para cubrir os requirimentos pendentes, se os houber.

2. Os procesos e actuacións asociados a estas situacións de incumprimento desenvolveranse nas normas de xestión de garantías para a liquidación dos desbalances.

#### Artigo 26. Nivel de risco de desbalance.

O nivel de risco de desbalance do usuario será calculado polo xestor técnico do sistema para cada día de gas «d», tras a finalización do último ciclo de renominación relativo ao día de gas «d» e antes do día de gas seguinte «d+1», mediante a aplicación das fórmulas incluídas na presente circular, e determinará a contía de garantías por desbalances que debe manter o usuario no día de gas «d+1». Durante o día de gas «d+1» poderase realizar un novo cálculo do risco e, en consecuencia, un novo requirimento de garantías, pola aplicación do artigo 6.7. En caso de o considerar necesario, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá, mediante resolución, modificar transitoriamente a periodicidade do cálculo do nivel de risco e do requirimento de garantías, co obxecto de mitigar o risco derivado do desbalance dos usuarios en situacións concretas de carácter excepcional que poidan afectar o equilibrio físico ou económico do sistema gasista.

Para as agrupacións de usuarios, e sempre que se manteña a agrupación, o nivel de risco de desbalance calcularase para a agrupación no seu conxunto. No momento en que a agrupación de usuarios desapareza, o requirimento de garantías para a liquidación de desbalances realizarase de forma inmediata por usuario.

#### Artigo 27. Cálculo das garantías por desbalances.

1. O nivel de risco de desbalance ( $R_d$ ) dun usuario un día de gas «d», expresado en euros, calcularase como a suma do seu risco de desbalance en PVB ( $R_{pvb}$ ), en AVB ( $R_{avb}$ ) e en TVB ( $R_{tvb}$ ), máis a suma das recargas por desbalance non pagadas (CD):

$$R_d = R_{pvb_d} + R_{avb_d} + R_{tvb_d} + \sum_j^n CD_j$$

Os termos  $R_{pvb_d}$ ,  $R_{avb_d}$  e  $R_{tvb_d}$  calcularanse, para cada día de gas «d», tras a finalización do último ciclo de renominación relativo ao día «d» e antes do día de gas seguinte «d+1». No caso de que algún destes termos proporcione un resultado negativo, este será substituído por cero.

Así mesmo,  $R_d$  terá un valor mínimo que se fixará mediante resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

2. O nivel de risco de desbalance no PVB do usuario para o día de gas «d»,  $R_{pvb_d}$ , calcularase conforme a seguinte fórmula:

$$R_{pvb_d} = [Demanda + (Saídas_{PVB} - Entradas_{PVB}) + (Cesións_{PVB} - Adquisicións_{PVB}) - Existencias_{PVB}] \times P$$

onde:

a) Demanda: mellor estimación dispoñible da demanda do usuario do día «d», calculada conforme o disposto na normativa vixente.

b) Saídas<sub>PVB</sub>: nominacións/renominaçãos de saída desde o PVB a conexións internacionais, a plantas de regasificación, a almacenamentos subterráneos e, se o houber, ao almacenamento en PVB do usuario, do día «d».

c) Entradas<sub>PVB</sub>: nominacións/renominaçãos de entrada ao PVB desde conexións internacionais, plantas de regasificación, almacenamentos subterráneos, xacementos e inxección de biogás e, se o houber, desde o almacenamento en PVB do usuario, do día «d».

d) Cesións<sub>PVB</sub>: cantidade de gas vendido polo usuario con entrega en PVB o día «d» e no día «d+1».

e) Adquisicións<sub>PVB</sub>: cantidade de gas comprado polo usuario con entrega en PVB o día «d» e no día «d+1».

f) Existencias iniciais<sub>PVB</sub>: existencias iniciais de gas en PVB ao comezo do día «d» do usuario.

g) P: tarifa de desbalance de compra diaria do día de gas «d».

3. O nivel de risco de desbalance no tanque virtual de balance (TVB) do usuario para o día de gas «d»,  $Rtvb_d$ , calcularase conforme a seguinte fórmula:

$$Rtvb_d = [(Saídas_{TVB} - Entradas_{TVB}) + (Cesións_{TVB} - Adquisicións_{TVB}) - Existencias_{iniciais_{TVB}}] \times (P + \text{peaxe polo servizo de licuefacción})$$

onde:

a) Saídas<sub>TVB</sub>: nominacións/renominaçãos de regasificación, carga de buques, posta en frío e carga de cisternas do día «d» do usuario.

b) Entradas<sub>TVB</sub>: nominacións/renominaçãos de licuefacción virtual e de descarga de buque en TVB do día «d» do usuario.

c) Cesións<sub>TVB</sub>: operacións de venda de gas natural licuado en TVB do usuario correspondentes ao día «d» e ao día «d+1».

d) Adquisicións<sub>TVB</sub>: operacións de compra de gas natural licuado en TVB do usuario correspondentes ao día «d» e ao día «d+1».

e) Existencias iniciais<sub>TVB</sub>: existencias iniciais de gas natural licuado en TVB ao comezo do día «d» do usuario.

f) P: tarifa de desbalance de compra diaria do día de gas «d».

4. O nivel de risco de desbalance no almacenamento virtual de balance (AVB) do usuario para o día de gas «d»,  $Ravb_d$ , calcularase conforme a seguinte fórmula:

$$Ravb_d = [(Saídas_{AVB} - Entradas_{AVB}) + (Cesións_{AVB} - Adquisicións_{AVB}) - Existencias_{iniciais_{AVB}}] \times (P + \text{peaxe de saída de PVB} + \text{peaxe de inxección})$$

onde:

a) Saídas<sub>AVB</sub>: nominacións/renominaçãos de extracción nos almacenamentos subterráneos do día «d» do usuario.

b) Entradas<sub>AVB</sub>: nominacións e renominacións de inxección nos almacenamentos subterráneos do usuario do día «d».

c) Cesións<sub>AVB</sub>: operacións de venda de gas en AVB do usuario correspondentes ao día «d» e ao día «d+1».

d) Adquisicións<sub>AVB</sub>: operacións de compra de gas en AVB do usuario correspondentes ao día «d» e ao día «d+1».

e) Existencias iniciais<sub>AVB</sub>: existencias totais do usuario en AVB ao comezo do día «d» do usuario.

f) P: tarifa de desbalance de compra diaria do día de gas «d».

5.  $\sum_i^d cd_i$ : suma de recargas por desbalance en PVB, TVB e AVB que deberá aboar o usuario ao xestor técnico do sistema que non foron pagadas até o día de gas «d», tras descontar a suma das recargas por desbalance en PVB, TVB e AVB até o día de gas «d» que deberá aboar o xestor técnico do sistema ao usuario  $\sum_i^d cd_i$ . Poderá ser negativo se o valor total das recargas que deberá aboar o xestor técnico do sistema ao usuario supera o valor total das recargas que deberá aboar o usuario ao xestor técnico do sistema.

#### Artigo 28. *Solución de conflitos.*

Os conflitos que poidan xurdir en relación coa xestión de garantías resolveranse de acordo co establecido no artigo 12.1.b) da Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

#### Disposición adicional primeira. *Capacidade de almacenamento en PVB.*

Mentres non se desenvolva o servizo de flexibilidade de almacenamento en PVB, a capacidade de almacenamento en PVB a que teñen dereito os usuarios será 0 kWh/día.

#### Disposición adicional segunda. *Gas de manobra.*

Fíxase en 0 GWh o gas de manobra de que dispón o xestor técnico do sistema para manter o sistema gasista en condicións normais de operación. O xestor técnico do sistema terá copia dos acordos de balance operativo existentes entre os transportistas interconectados nos puntos en que exista nominación, para coñecer as flexibilidades do sistema na operación diaria.

O xestor técnico do sistema manterá, ao finalizar cada día de gas, as existencias físicas no sistema de transporte dentro dunha banda centrada nun valor de existencias físicas denominado valor de referencia.

#### Disposición adicional terceira. *Habilitación de usuarios.*

Os usuarios que desexen operar na área de balance en TVB, PVB e AVB a partir da data de entrada en vigor desta circular deberán adherirse ao contrato marco de habilitación de carteira de balance co xestor técnico do sistema antes da citada data.

#### Disposición adicional cuarta. *Gas dos usuarios inhabilitados.*

Cando un usuario se inhabilite na área de balance en TVB ou AVB e aínda dispoña de gas natural licuado ou de gas nas instalacións do sistema gasista, o xestor técnico do sistema regasificará o gas natural licuado do usuario en TVB ou extraerá o gas do usuario en AVB, introducirá no PVB e venderá na plataforma de comercio. As cantidades económicas que correspondan a estas vendas ingresarán na conta de liquidacións en TVB e AVB, unha vez descontadas as peaxes de acceso ás instalacións correspondentes.

#### Disposición adicional quinta. *Proposta de procedemento para a habilitación, suspensión e baixa de usuarios con carteira de balance e proposta de contrato marco de habilitación de carteira de balance.*

Nun prazo de dous meses desde a data de publicación desta circular, o xestor técnico do sistema remitirá á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, para a súa aprobación, o procedemento para a habilitación, suspensión e baixa de usuarios con carteira de balance en TVB, PVB e AVB, e a proposta de contrato marco de habilitación de carteira de balance, xunto coas respostas recibidas durante o proceso de consulta pública e a súa análise.

Disposición adicional sexta. *Plataforma de comercio onde o xestor técnico do sistema realice as transaccións de transferencia de titularidade de gas.*

A plataforma de comercio a que aluden os artigos 3.1.aa), 8, 10.1, 11.7, 14.1, 14.4 e a disposición adicional cuarta será o mercado organizado de gas.

Disposición adicional sétima. *Calendario de envío, retirada e modificación de notificacións.*

Nun prazo de quince días desde a data de publicación desta circular, o xestor técnico do sistema establecerá e publicará na súa páxina web o calendario de envío, retirada e modificación de notificacións, tendo en conta o tempo que necesite para o seu rexistro e contabilización.

Disposición adicional oitava. *Procedemento de facturación e liquidación de desbalances en TVB e AVB e neutralidade do XTS.*

Nun prazo de dous meses desde a data de publicación desta circular, o xestor técnico do sistema remitirá á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, para a súa aprobación mediante resolución, unha proposta de procedemento detallado do cálculo, facturación e liquidación das recargas por desbalances dos usuarios en TVB e AVB, así como da metodoloxía de liquidación dos custos e ingresos derivados dos desbalances nestas áreas de balance e para asegurar a súa neutralidade económica.

Disposición adicional novena. *Mecanismo de incentivos ao xestor técnico do sistema.*

Nun prazo de dous meses desde a data de publicación desta circular, o xestor técnico do sistema proporá á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia un mecanismo de incentivos á eficiencia na xestión dos desbalances dos usuarios en TVB e AVB e na selección e emprego das accións de balance en PVB, que será aprobado mediante resolución da dita Comisión.

Disposición adicional décima. *Xestión de garantías.*

1. As garantías para a contratación de capacidade e para a liquidación de desbalances serán administradas de forma conxunta polo operador do mercado organizado de gas como xestor de garantías e, pola súa vez, poderán ser xestionadas xunto con outras requiridas para operar no sistema gasista, sempre que se respecten as súas condicións e características particulares e o carácter finalista de cada unha das garantías, directamente ou a través dun terceiro. A xestión das garantías deberá obedecer a unha xestión eficiente e eficaz en canto a custos e riscos se refire, e estableceranse os incentivos necesarios para a consecución destes obxectivos.

2. Os suxeitos con dereito de acceso e os suxeitos habilitados con carteira de balance nalgunha das áreas de balance polo xestor técnico do sistema disporán dunha conta de garantías ante o xestor de garantías, onde se prestarán as garantías establecidas para dar cobertura suficiente ás súas operacións. Os axentes determinarán a parte das garantías asignada a cada finalidade, e os potenciais requirimentos de garantías asociadas a unha finalidade non poderán ser cubertos por garantías comprometidas a outra.

3. O xestor de garantías permitirá aos axentes a asignación das garantías achegadas e non comprometidas ás distintas finalidades, segundo as súas necesidades.

4. As garantías responderán das obrigacións que asuma cada titular da conta de garantías, incluídos impostos vixentes, xuros de demora, penalizacións e cotas que fosen exixibles no momento de pagamento.

5. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia aprobará, mediante resolución, as normas de xestión de garantías para a contratación de acceso e para a liquidación de desbalances do sistema gasista.

6. No caso de finalización das obrigacións de pagamento en relación co acceso ás instalacións e co desbalance nas áreas de balance do sistema gasista, as garantías serán canceladas tras o último pagamento.

Disposición adicional décimo primeira. *Consulta aos axentes.*

O xestor técnico do sistema consultará os suxeitos e axentes interesados no desenvolvemento das propostas a que se refire a presente circular.

Disposición adicional décimo segunda. *Cómputo de prazos.*

Os prazos sinalados na circular computaranse consonte o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, agás o relativo ao «día de gas».

Disposición transitoria primeira. *Subscrición do novo contrato marco de habilitación de carteira de balance.*

Aqueles usuarios que, na data de entrada en vigor desta circular, estean habilitados para dispoñer de carteira de balance en PVB, ou teñan contrato de acceso ás plantas de regasificación ou aos almacenamentos subterráneos, deberán unicamente subscribir o novo modelo de contrato marco de habilitación de carteira de balance que se aprobe mediante resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, sen necesidade de seguir o procedemento de habilitación previo.

Disposición transitoria segunda. *Eficacia de resolucións da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.*

As resolucións do 1 de marzo de 2016, pola que se aproba o procedemento de habilitación e baixa de usuarios con carteira de balance no punto virtual de balance e contrato marco, e do 17 de maio de 2018, pola que se aproba a metodoloxía de incentivos do xestor técnico do sistema gasista á eficiencia na selección e emprego das accións de balance, producirán efecto até que sexan aplicables as resolucións que as substitúan.

Disposición transitoria terceira. *Xestión dos desbalances en TVB e AVB.*

Desde a data de entrada en vigor da presente circular e até o 1 de outubro de 2020, o xestor técnico do sistema poderá decidir non acudir ao mercado organizado de gas para a xestión dos desbalances provisionais dos usuarios nas áreas de balance en TVB e AVB. Durante este período, e coa excepción dos desbalances positivos que dean lugar ao almacenamento nos termos do artigo 8.4, as recargas económicas por desbalances calcularanse tendo en conta a tarifa de desbalance en PVB e as peaxes correspondentes, como se o desbalance se xestionase no mercado organizado de gas. Até o 1 de outubro de 2020, para efectos de facturación dos desbalances positivos definidos no artigo 8.4, aplicarase a norma de xestión técnica do sistema 3.6.1.

Disposición transitoria cuarta. *Procedementos que permitan establecer o estado da rede de transporte.*

Até que a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia aprobe os procedementos que permitan establecer o estado da rede de transporte, conforme o disposto no artigo 11, aplicaranse os criterios establecidos nas normas de xestión técnica do sistema.

Disposición transitoria quinta. *Normas de xestión de garantías para a contratación do acceso e para a liquidación de desbalances do sistema gasista.*

Até que a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia aprobe as normas de xestión de garantías para a contratación do acceso e para a liquidación de desbalances do



sistema gasista, conforme o disposto na disposición adicional décimo primeira, será de aplicación o disposto na Resolución do 2 de agosto de 2016, da Secretaría de Estado de Enerxía, pola que se aproban as normas de xestión de garantías do sistema gasista.

Disposición transitoria sexta. *Garantías para a liquidación de desbalances.*

Até o 1 de outubro de 2020, os incumprimentos das obrigacións de pagamento das recargas por desbalances, así como os incumprimentos dos requirimentos de achega de garantías por desbalances, darán lugar a unha suspensión da carteira de balance do usuario en todas as áreas de balance en que estea habilitado.

A suspensión da carteira de balance será efectiva a partir da comunicación fidedigna da dita suspensión por parte do xestor técnico do sistema. A suspensión comunicáraselles ao usuario afectado, aos operadores de calquera plataforma de comercio, a outras plataformas de negociación, entidades de contrapartida central e provedores de servizos que realicen funcións de notificación de transaccións, ao xestor de garantías, aos diferentes operadores de infraestruturas e ao resto de usuarios do sistema.

A suspensión da carteira de balance suporá tamén a suspensión do usuario como axente do mercado organizado de gas. O xestor técnico do sistema non aceptará notificacións de transferencias de titularidade de gas que afecten o usuario suspendido e que se comuniquen na mesma data ou nunha data posterior á data de suspensión das carteiras de balance, excepto as xa comunicadas polo mercado organizado de gas. Igualmente, o usuario non poderá nominar nin renominar nas instalacións gasistas con data igual ou posterior á data de suspensión da carteira de balance.

A suspensión non eximirá o usuario do cumprimento das obrigacións de pagamento pendentes, ou que afloren no futuro, incluídas as obrigacións asociadas á subministración aos seus clientes, derivadas da súa condición de usuario con carteira de balance, comprendidos os xuros devindicados.

Unha vez superados os motivos que deron lugar á suspensión, restableceranse as carteiras de balance nas distintas áreas de balance en que actúe o usuario, o que será efectivo a partir das 6.00 h do día seguinte ao da comunicación do dito restablecemento.

O restablecemento será comunicado ao usuario e ao resto de entidades e axentes do mercado aos cales se comunicou a suspensión.

Disposición transitoria sétima. *Adhesión ao contrato marco de habilitación de carteira de balance.*

Até o desenvolvemento dos sistemas informáticos e, en todo caso, antes do 1 de outubro de 2020, a adhesión ao contrato marco de habilitación de carteira de balance realizarase por defecto nas tres áreas de balance, aínda que o usuario non opere nalgunha delas. Nas áreas en que o usuario non opere considerarase que a súa carteira de balance non presenta desbalances en ningún momento.

Disposición transitoria oitava. *Agrupacións de carteiras de balance en TVB e en AVB.*

Até o 1 de outubro de 2020, os comercializadores e os consumidores directos en mercado non poderán agrupar as súas carteiras de balance en TVB nin as súas carteiras de balance en AVB, para efectos do cálculo das recargas por desbalances.

Disposición transitoria novena. *Tratamento de axustes e regularizacións de reparticións en plantas de regasificación anteriores á entrada en vigor desta circular.*

Respecto aos balances en plantas de regasificación de gas natural licuado anteriores á entrada en vigor desta circular, procederase da seguinte forma:

a) Nos primeiros 15 días do mes de abril de 2020, o xestor técnico do sistema calculará as existencias procedentes de axustes e regularizacións de reparticións enviadas até o 31 de marzo de 2020. Antes do 15 de abril de 2020, o xestor técnico do sistema

comunicará a cada usuario o volume de gas natural licuado que lle corresponde e asignará, no balance do usuario en TVB, unha entrada ou saída de gas natural licuado con data do 30 de abril de 2020.

b) Nos primeiros 15 días do mes de xaneiro de 2021, o xestor técnico do sistema calculará as existencias procedentes de axustes e regularizacións de reparticións enviadas desde o 1 de abril de 2020 até o 31 de decembro de 2020. Antes do 15 de xaneiro de 2021, o xestor técnico do sistema comunicará a cada usuario o volume de gas natural licuado que lle corresponde e asignará, no balance do usuario en TVB, unha entrada ou saída de gas natural licuado con data do 30 de xaneiro de 2021.

c) Nos primeiros 10 días do mes de abril de 2021, o xestor técnico do sistema calculará as existencias procedentes de axustes e regularizacións de reparticións enviadas desde o 1 de xaneiro de 2021 até o 31 de marzo de 2021. Antes do 15 de abril de 2021, o xestor técnico do sistema comunicará a cada usuario o volume de gas natural licuado que lle corresponde e asignará, no balance do usuario en TVB, unha entrada ou saída de gas natural licuado con data do 30 de abril de 2021.

Disposición transitoria décima. *Valor dos parámetros contidos na circular.*

Mentres non se diten as resolucións previstas nos artigos 3, 6.7, 8 e 27.1 da presente circular:

1. Fíxase nun 3% o valor do axuste menor aplicable no cálculo das recargas por desbalance dos usuarios en TVB e AVB e ao prezo medio ponderado do gas no cálculo das recargas por desbalance dos usuarios en PVB referidas nos artigos 3 e 8.

2. Fíxase en 2 o número de veces da peaxe diaria que o usuario en desbalance positivo en TVB e AVB debe aboar como consecuencia do seu desbalance, referida no artigo 8.

3. O valor das garantías referidas no artigo 6.7 fíxase no equivalente a 30 GWh de desbalance negativo.

4. Fíxase en 100.000 euros o valor mínimo do nivel de risco de desbalance  $R_d$  referido no artigo 27.1.

Disposición derogatoria única.

Queda derogada a Circular 2/2015, do 22 de xullo, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se establecen as normas de balance na rede de transporte do sistema gasista.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A Circular entrará en vigor o 1 de abril de 2020, excepto as disposicións adicionais quinta, sétima, oitava, novena e décimo primeira, que entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», e os artigos 24 e 25, que entrarán en vigor o 1 de outubro de 2020.

Madrid, 9 de xaneiro de 2020. O presidente da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, José María Marín Quemada.